



Dende a Concellería de Emprego que dirixe **Antonio Romero, Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Xuventude**, vanse a poñer en marcha unhas clases para a preparación das competencias clave nivel II.

As clases de carácter gratuito, serán impartidas por profesores/as do grupo do voluntariado do Concello de Porto do Son.

A partir do mes de febreiro comenzaran unhas clases preparatorias para a obtención das competencias clave nivel II, requisito indispensable para aquelas persoas que non teñen a ESO e que dexesen acceder a accións formativas conducentes a certificados de profesionalidade.

Durante os meses de febreiro a maio, un grupo de profesores voluntarios/as pertencentes ao grupo de voluntariado do Concello, van axudar na preparación de materias de lingua galega, lingua castelá e matemáticas a todas aquelas persoas que dexesen presentarse ás probas de acreditación das competencias clave de nivel II que se celebraran previsiblemente no mes de maio.

A distribución diaria e horaria das materias vaise facer en función do grupo de interesados/as en participar. Por este motivo, as persoas interesadas deben inscribirse na Área de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son durante o mes de xaneiro.

Antonio Romero
Concelleiro de Emprego